


BULULEO



REVISTA INDEPENDENTE LITERARIA DA REPÚBLICA DE BULULÚ

NÚMERO 2 - XANEIRO ❄ FEBREIRO



Entrevista a Álex Mene e Ruth Ouviaña	2
Colección Muíño do Vento	4
Dicen de nosotros	4
Biblioteca do CEIP Ponte dos Brozos	5
Próximas novidades	5




ÁLEX MENE E RUTH OUVIÑA

Botando unha ollada á túa experiencia vital, non hai máis que cultura, cultura e cultura. Se tiveses que escoller unha disciplina (só unha), cal sería e por que?

Á.M.: Escollería a escrita. A palabra é o comezo de todos os meus proxectos.

Que foi primeiro na túa vida, a poesía ou a narrativa? Descubríchela como lector ou un bo día decidiches que querías probar ese xénero como creador?



Á.M.: A tradición oral foi a miña primeira influencia; os contos que me contaban de cativo, as cancións populares que escoitaba. Aí xa estaba esa fusión entre poesía e narrativa. Logo, cando aprendín a ler, convertíame nun devorador de libros sen distinción de xénero. E así ocorreu tamén cando comecei a escribir, alternaba poesía con contos e relatos. Hoxe en día sigo a escribir do mesmo xeito, cultivando distintos xéneros. Escribo poesía, relatos, novela, teatro e guións. O que vou contando vai pedindo unha forma ou outra, mesmo ás veces comezo cunha idea e, no proceso creativo, decido cambiar até atopar o equilibrio entre a forma e o contido.

Cando comezas un libro, canto pesa en ti a historia que queres contar e canto o público á que vai dirixida? Cres que hai que ter sempre presentes unhas normas, principios ou valores cando se escribe un título xuvenil ou é só unha cuestión de estilo?

Á.M.: Eu escribo para o lector que son. Cando a historia é infantil, escribo para o neno que permanece dentro de min. Cando creo unha obra xuvenil, penso no adolescente que segue comigo e, cando a narración é para un público adulto, diríxome a esa persoa con certo grao de madurez que convive co rapaz e co mozo que fun.

A partir deste punto de partida emprego un vocabulario diferente e distintas imaxes dependendo desa parte de min coa que dialogo e, en consecuencia, ao público ao que me dirixo. Pero, se les os meus libros, comprobarás que ofrecen moitos niveis de lectura cun abano de comprensión lectora amplo dabondo para abranger públicos alén das idades recomendadas.

Hai algunha das túas personaxes pola que sintas un afecto especial? Por que?

Á.M.: Si, sinto un especial afecto por Indómita. Ela colleume da man para levarme cara ao salvaxe e ser quen de explorar novos territorios.

Se puideses soñar, que libro che gustaría escribir?

Á.M.: Un feixe deles! Non podo escoller un só. O que me gusta é non parar de escribir, ler, ver, escoitar, soñar e sentir todas esas historias que alumean o camiño que estou a percorrer.

En que momento te propós, seriamente, converter un hobby/paixón na túa carreira académica? Como o tomaron na túa casa?

R.O.: Realmente, dende pequena souben que quería adicarme á arte. Crecín convencida de querer estudar Belas Artes, ata que no último ano da ESO descubrín que na EASD Pablo Picasso existían máis posibilidades. Foi entón cando decidín estudar Ilustración. Miña nai sempre me apoiou na miña vocación e en Bacharelato cambieime de instituto a Durmideiras para poder escoller a modalidade artística. Nunca topei con ningún obstáculo por parte da miña familia para facer o que me apaixonaba, tiveren moita sorte. Tras rematar Ilustración, decidín seguir formándome e comecei Deseño Gráfico, o que estudo actualmente. Conteí de novo co apoio dos meus, tanto familia como amigos, que me arrouparon sempre.



Con *A luz nos teus ollos* estréaste no campo profesional da ilustración literaria, é o camiño (ou un dos camiños) que queres seguir no eido laboral?

R.O.: Si, é un dos camiños que quero seguir. Gocei moito realizando este proxecto, e a ilustración literaria é un dos campos que máis me interesan, polo que espero facer moitos máis traballos neste ámbito. De todos os xeitos, non quero limitarme unicamente ao mesmo. A ilustración e o deseño gráfico ofrecen moitas posibilidades que quero explorar profesionalmente.

Como definirías o teu estilo? Canto cres que tes de autodidacta e canto es consciente que estás influenciada por outros artistas?

R.O.: Sendo sincera, non sei se podería definir o meu estilo, aínda o estou descubrindo. Diría que

é bastante versátil, de xeito que pode adecuarse a contextos moi diferentes. O trazo máis distintivo é o emprego da fotoilustración, tanto de forma dixital como tradicional. As miñas ilustracións adoitan ser moi figurativas, resaltando sobre todo os ollos das personaxes. Cando podo, introduzoos mediante fragmentos de fotografía, os cales me gusta simular que se van desfecendo, como derreténdose. Diría que é un estilo que tende ao dramatismo, mais aínda estou explorando. En canto á segunda pregunta, estou condicionada por outros moitos artistas. Considero que todos o estamos. Hai influencias das que somos conscientes, creadores que nos gustan e seguimos, mais practicamente todo o que vemos e nos chama un mínimo a atención queda arraigado no subconsciente e tamén é unha fonte de inspiración. Cada vez que debuxo sei que está ligado a algo que vin anteriormente. Ademais de inspirarme de profesionais xa consolidados na profesión, teño a sorte de ter coñecido moita xente cunha chea de talento na escola. Non aprendes só dos teus profesores, tamén dos teus compañeiros. Creo que é importante sentarte a ver o que fan os demais. Rodearte de boa xente, preguntar, pedir consello e escoitar. Aprendes tanto a nivel profesional como persoal. O meu estilo non é nada autodidacta, é unha parte de min e de todo o que me atopo no meu día a día.

Como ves o futuro profesional para a xente da túa xeración/promoción?

R.O.: Creo que a situación é algo complicada, igual que na maioría de profesións. Non obstante,

hai moitos camiños posibles e a globalización e o teletraballo amplían aínda máis as opcións. Creo que, aínda que poida ser difícil comezar, teremos un bo futuro profesional nos nosos campos. A pesar do que sempre se dixo, as artes e o deseño teñen moitas saídas, polo que eu son optimista. Esta xeración vén cargada non só de talento, tamén de gañas, así que se fará un oco no mercado para traballar en condicións dignas no que máis lles gusta.


Cres que aínda hai lugar para a creación "artesanal" ou o noso mundo é dixital sen volta atrás?

R.O.: Sempre hai lugar para a creación artesanal. As técnicas tradicionais apórtannos cousas que as dixitais non poden, e viceversa. Ambas poden coexistir e mesmo combinarse para acadar resultados concretos. A dixitalización proporcionanos novas ferramentas, o cal non ten por que limitarnos ao traballo tecnolóxico. É cuestión de coñecer os nosos gustos e decidir que nos convén empregar en cada proxecto. Non creo que o traballo coas mans morra (nin debería morrer) nunca.

A luz nos teus ollos é a última novidade da nosa colección Muíño do Vento, que axiña presentaremos acompañados polo autor Álex Mene e a ilustradora Ruth Ouviaña:

10/02 • 19:00 • Fnac de Vigo

24/02 • 19:00 • Bululú Libros



REIMAXINA AS NOSAS CUBERTAS

Deseña ou debuxa ao teu xeito a cuberta de calquera dos nosos libros e envíanola a:

contacto.bululeo@editorialbululu.com

Poderás saír no vindeiro número da revista!



COLECCIÓN MUÍÑO DO VENTO

A nosa colección Muíño do Vento segue a medrar. Unha colección de libros cheos de intriga e emoción, de aventuras e misterio, que manterán aos lectores máis novos enganchados dende o primeiro capítulo, ao tempo que melloran a súa comprensión lectora e amplían o seu vocabulario. Os seus personaxes divertidos e estrafalarios, e as súas ansias por viaxar e coñecer mundos novos e fantásticos, son os aliados perfectos para rematar de afianzar o amor pola lectura dos que xa non son tan novos.

DICEN DE NOSOTROS

La historia es de sobra conocida pero no por ello ha perdido su capacidad para fascinar a los lectores de las nuevas generaciones, sobre todo cuando el envoltorio que la acompaña es tan sugerente como las ilustraciones de David Pintor.

Canal Lector




Nesa conversa hai moita sabiduría, da antiga, da de sempre, da que perdura, da profunda, da que axuda a vivir e a morrer, a permanecer porque igual nunca nos imos de todo, nunca rematamos de marchar, proque o tempo non é lineal senón circular.

De libros e outros artefactos

É algo máis que un peixe, é o noso verdadeiro reflexo como ser humano.

Hoy por hoy Ourense



Emilio Urberuaga y Javier Zabala, dos de los autores más grandes del álbum ilustrado en nuestro país, unidos para ofrecernos un libro imprescindible.

El Asombrario